



Heino cardare, dixo.

Antes había que ir á doutrina, á parroquia, para despois ir a o preceuto para te confesar, non? E claro, había que saber a doutrina. E entón, foi aquel e dixo:

- “A ver, ese cubano que heino cardare, a vere.”

Si, porque o cura metíase moito coa xente, co que non sabía, decía que lle botaba o carneiro e que non o admitía pa... Aquel viña de Cuba, marchara jovencito pa Cuba. E cando volveu, foi á doutrina tamén pa cumprir co preceto, non, e o cura díxolle:

- “Veña ese cubano para acó que o hei cardare.”

E vaise e díxolle:

- “A ver dime as obras de misericordia”

- “Si señor, ... As feitas dígollas, pero as por facer non llas digo”

(Risas) E o outro que lle dixo ás toas. (Risas)

E outro que tamén veu da Argentina e foi á doutrina, e era así tamén medio tolanbrán, e díxolle:

- “A ver, ese Argentino, a vere, que me diga cantos dioses hai”

E díxolle:

- “Señor, hai sete.”

- “Acertache!”

- “Pois díxenllo as toas.”

(Risas). Acordóuselle decir que había sete. E o outro dixo “Acertaches!”, “Pois díxenllo ás toas.” Así que, nada. (Risas).